

Covelo mellora a casa do pobo de Barcia de Mera

Páxina II

Mondariz aposta polo deporte

Páxina III

Xuntanza do GDR Condado Paradanta

Páxina II

Verán Cultural en Salceda

Páxina VII

Irmandamento entre A Guarda e Póvoa de Varzim

Páxina X

Humanización da Avenida de Portugal en Tui

Páxina XII

Zona Franca celebra o seu 75 aniversario

Páxina XIV

"E-Bike Rio Minho" nas Eurociudades

Páxina XVI



Antonio Lomba | Alcalde de A Guarda

"A Guarda é unha sociedade dinámica a todos os niveis"

Páxinas VIII e IX

Entrevista



Xosé Antón Araúxo Rodríguez
Impulsor do Bosque da Lingua en Gondomar

"O Bosque da Lingua xurdiu ante a miña preocupación pola situación do galego"

Páxina XIII

Restaurante

Riveiriña

VIVEROS PROPIOS DE MARISCO

AVENIDA DEL PUERTO, 28
TLF 986 61 03 56
LA GUARDIA
PONTEVEDRA



José Manuel Rodríguez Casal
NOTARIO

C/ Concepción Arenal 75 2ºG 36780 A GUARDA
Telf. 986 611 005 - Fax 986 611 123
e-mail rodriguezcasal@notariado.org

Casa Gallega

RESTAURANTE - BAR - MARISQUERIA



CI Bortadores, 11 - 28013 Madrid - Telf. 91 541 90 55 - 56 - Fax 91 550 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com

Campamento urbano de verán na Cañiza

Con base nas instalacións municipais do pavillón de deportes Carballo do Marco.

A/os 100 nena/os inscrita/os nesta nova edición do Campamento Urbano de Verán da Cañiza, que se desenvolverá en dúas quendas, do 1 ao 15 de xullo e do 18 ao 29 de xullo, desfrutarán dunha variada programación de cara a fomentar a práctica de actividades físicas, deportivas e recreativas no medio natural.

Ademais polas mañás e sempre que o tempo o permita, poderán usar en exclusividade as instalacións da piscina ao aire libre.



O Alcalde Luis Piña tivo a oportunidade de conversar cos nena/os desta primeira quenda ilusionados polo seu primeiro día e pola variedade de actividades que teñen ao seu dispor.

Covelo mellorará a casa do pobo de Barcia de Mera



No marco da estratexia de pór en valor as instalacións públicas municipais e ofrecer á veciñanza espazos de convivencia amables o goberno de Covelo realizará importantes obras de mellora na casa do pobo de Barcia de Mera.

O custo da obra será de 28,291.22€ e conta con financiación da Xunta de Galicia, Vicepresidencia Primera nun 80% (Orden para mellora de espazos e infraestruturas de titularidade municipal) e un 20% de fondos propios do concello.

Xuntanza na Cañiza do GDR Condado Paradanta

Baixo o lema “Pensa, Actúa e Constrúe Territorio”, o GDR Condado Paradanta reuniuse na Cañiza para informar sobre as vantaxes de pertencer ao Grupo Comarcal e alentou ás asociacións e formacións a asociarse.

A reunión estaba dirixida a todas as formacións e asociacións da Cañiza que desexen participar e ter representación e decisión na nova estratexia de desenvolvemento local e da comarca do GDR Condado – Paradanta.

Decidirase o tipo de proxectos que poderán ser beneficiarios dos



fondos económicos no seguinte período 23-27, en función das

necesidades que identifique a veciñanza.

Voulle aumentar o texto a esta nova cos contidos das outras do GDR

Deputación de Pontevedra lanza o programa “Bailando a Terra”

No marco da súa programación de verán, a Deputación de Pontevedra impulsa o programa “Bailando a Terra”, que espallará a danza por escenarios naturais ao aire libre como bosques, carballeiras, praias, cabos e espazos de patrimonio fluvial e marítimo de cinco concellos:

Caldas, A Illa de Arousa, Poio, Forcarei e Tui.

“Bailando a Terra”, co que colaboran compañías profesionais como Nova Galega de Danza e Trébede e escolas de danza da provincia como Maisquedanza, Galicia en Danza e Unidance, enmárcase na programación “Con-Fiando Cultura”.

Optica mahen
mahen
Ópticos desde 1939

Hº Reg. Sanitario 2-36-030036

PONTEAREAS
Rúa San Benito, 4

CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Melloras no campo de fútbol da Lagoa en Mondariz

O Concello de Mondariz ten proxectado mellorar este ano a accesibilidade do campo municipal de fútbol da Lagoa, cun investimento de 62.000 euros. Estas obras suporán unha remodelación da bancada e doutros elementos destas instalacións deportivas que aínda non están adaptados ás persoas usuarias con problemas de mobilidade. Desta suma, 40.000 euros estarán financiados pola Xunta de Galicia e os 22.000 euros restantes, pola Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos 2022.

O campo municipal de fútbol da Lagoa fora modernizado en 2019 grazas ao financiamento da Deputación de Pontevedra, a



través do Plan de Reequilibrio e do Plan Concellos 2018 e 2019. Aquela actuación supuxo melloras nos baños e vestiarios, mais non considerou aspectos importantes como o sistema de potabilización e control da auga subministrada ou a accesibilidade ao recinto.

Mondariz aposta polo deporte

O concelleiro de Deportes de Mondariz, Poldo Tato, anunciou que o Concello introduciu novas disciplinas deportivas para as escolas de verán, neste caso de piragüismo, o balonmán e o hóckey sobre patíns, que complementan a tradicional práctica do fútbol.

Deron así comezo a escola de verán de piragüismo en colaboración co Club Tea de piragüismo e o campamento de verán organizado polo Club Balonmán Cañiza. Outra das actividades deportivas pendentes é a escola de verán de hóckey sobre patíns, organizada xunto ao Hóckey Club Ponteareas, mais finalmente foi suspendida porque o número de persoas inscritas non era suficiente.

Ademais de organizar actividades deportivas abertas ao público, o Concello de Mondariz colabora con diversas entidades



para acoller eventos deportivos en instalacións municipais. Entre o 3 e o 9 de xullo será sede do campus do RC Celta, e xa no mes de agosto, recibirá nas instalacións do campo municipal de fútbol da Lagoa o campus internacional promovido polo ex xogador Michel Salgado. A estes eventos deportivos estivais súmanse, ao igual que o ano pasado, o campus de baloncesto Antonio Díaz-Miguel en xullo e o campus de esgrima previsto para finais de agosto.

I edición da Escola de Verán de Hockey sobre Patíns en Mondariz

Deu comezo á I edición da Escola de Verán de Hóckey sobre Patíns no Pavillón Municipal. Unha actividade gratuíta para rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos que está organizada polo Hoquei Club Ponteareas en colaboración co Concello de

Mondariz.

O obxectivo é achegar actividades deportivas pouco coñecidas á mocidade local e ofrecer tempo de ocio e conciliación familiar aos veciños e ás veciñas. Á fronte desta iniciativa está José Carlos Álvarez Troncoso "Portu", referente galego deste deporte.

INICIACIÓN HÓCKEY PATÍNS

ACTIVIDADE GRATUÍTA

5, 7, 12 E 14 DE XULLO
DE 10 A 12.30H

**PAVILLÓN MUNICIPAL
DE MONDARIZ**

**INSCRICIÓNS: DO 27 DE XUÑO AO
4 DE XULLO**

Edades de 4 a 12 anos

Máis información e inscricións:
Biblioteca Municipal
986 66 43 33 -
biblioteca@mondariz.gal

**Facilítase o material
necesario para a realización
da actividade**



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓ

Por Xoán Carlos Caballero Alonso

Aporofobia xudicial

A xustiza é igual para todos, dicía sen rubor, o Xefe do Estado, sabéndose blindado por unha estrutura feita a medida para estafar e delinquir, sustentada na lei de leis.

O vigués Jorge Casaleiro despois de pasar tres anos encarcerado por error, non debe de ter a mesma opinión. Nin Rafael Ricardí, que estivo trece acusado de violación. Tampouco todas aquelas vítimas de xuíces futboleros, torce botas con toga, que despois de visualizar o VAR de ínfima calidade, situado na esquina dunha rúa, condenan á pena máxima, non cun asubío, senón dun mazazo, a persoas inocentes.

No "O home equivocado", Hitchcock transmitiu con maestría, movendo a cámara en círculos e con rapidez, arredor do rostro de Henry Fonda, a impotencia e ansiedade que se deben sentir nestas situacións.

John Marcus Roberts, co que convivín dous anos en Shrewsbury, a terra de Charles Darwin, tamén sufriu os tiros penetrantes da fortuna inxusta, como diría Shakespeare. Johnny acababa de saír do presidio cando aterrei en Inglaterra. Coñecino a noite na

que cheguei á vila, despois de viaxar nun esmendrellado tren que collín na estación londiniense de Euston. Ofreceume un cuarto



da mansión que mercara coa indemnización que recibiu por ter pasado tres lustros na cadea acusado dun crime que non cometera. Un compañeiro de traballo matara a tiros ao seu xefe e cando Johnny chegou ao lugar dos feitos, obrigouno a enterrar o cadáver.

Unha eternidade levoulle aos xuíces decatarse de que aquel rapaz era fráxil de mente e impresionable con persoas autoritarias. Logo pedíronlle desculpas e para lavar as súas conciencias, mandárono para casa cos petos a rebordar, como si a liberdade tivera un prezo. Pregúntome como fan para calcular a cantidade de euros que lle corresponde a un inocente o día da súa liberación. Recorrerán á lexislación laboral? Neste caso, a quince anos de "contrato temporal e formativo" corresponderíanlle trinta tres días por ano encarcerado en concepto de finiquito, no que irían prorrateadas as pagas extras, se lle engadirían as vacacións non desfrutadas e un plus de perigosidade. Soa a broma pesada, pero non sería de estrañar.

Recordo a Johnny como un neno grande, o cárcere foi unha paréntese, entrou con dezanove e saíu cos mesmos dezanove no interior dun corpo avellentado. Xamais falou da prisión, nin unha soa anécdota. Mentres durmía, no cuarto contiguo ao meu, falaba en alto, e todo aquel sufrimento que polo día escondía, vomitábao pola noite entre berros

e bágoas. A pesares de todo, non había rancor nel. Nunha entrevista na BBC, afirmaba que non se sentía amargado pola súa experiencia e que retomara os fíos da súa vida traballando no pouco que lle ofrecían por ser un expresidiario.

Na maioría dos casos deste tipo hai un nexo en común: as persoas que os sofren teñen uns recursos económicos escasos, o que indica que a balanza xudicial non está calibrada, xa que son moitas as ocasións nas que padece de aporofobia. Todo indicaba que eran inocentes, pero a eles aplicáronlles a "doutrina roubagaliñas", a que se mostra implacable cos máis desfavorecidos.

Se Rosalía estivera viva, sería probable que escribise unha versión de "A xustiza pola man". Unha vez publicado o poema, sería xulgada en aplicación da Lei Mordaza, aínda en vigor por certo. Os cargos: apoloxía da violencia e verter opinións perigosas para o sistema. Iso si, á prisión non sería condenada por carecer de antecedentes penais e coa condición de non volver a "delinquir".


www.novasdoeixoatlantico.com


O PORRIÑO

Campaña "Días Azuis" do comercio galego no Porriño

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, o presidente da Federación de Comercio de Pontevedra, Iván Iglesias, e a presidenta de Acipor, Juana Pérez, acompañados polo director de ABANCA no Porriño, Jorge Luis García, presentaron a campaña "Días azuis do comercio galego".

O obxectivo da campaña é dinamizar as vendas no comercio de proximidade e premiar a fidelidade dos clientes. O presidente da Federación de Comercio de Pontevedra, invitou a todos os porriñeses a participar desta iniciativa que se desenvolverá



ata o 17 de xullo e agradeceu a implicación dos comerciantes e asociacións do Porriño e da provincia en xeral.

Entre todos os participantes sortearanse un total de 12.000 euros en 64 tarxetas prepago:

24 de 250 euros e 40 de 150 euros, que deberán ser utilizadas polos gañadores nos establecementos antes do 30 de xuño do próximo ano. O sorteo, ante notario realizarase o próximo 21 de xullo.

O Porriño recibiu a Santos Lemos, campión de España de Enduro

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, recibiu na Casa Consistorial ao ciclista porriñés Santos Lemos, que se proclamou recentemente campión da Copa de España de Enduro na súa categoría.

Santos, veciño da parroquia de Budiño, suma así un novo podio á súa curta pero exitosa carreira deportiva. En tan só

catro anos o porriñés ten no seu haber dous ouro e un bronce no Campionato de Galicia, dous Open de Galicia, dous ouro e un bronce na Copa de España e dúas pratas e un bronce no Campionato de España.

Este 2022 lidera a clasificación do Open de Galicia mentres se enfoca no seu gran reto: o Campionato de España.



O Porriño aposta pola inclusión no Camiño



Un total de 54 peregrinos saíron do Porriño para percorrer o Camiño de Santiago máis inclusivo. Trátase dos participantes na xa clásica Peregrinación Xacobe que organiza Special Olympics Galicia cada Ano Santo, co fin de visibilizar o movemento asociativo da discapacidade intelectual así como ás familias, profesionais e persoas voluntarias que confor-

man dito movemento e que hoxe, saíron do parque do Cristo para completar o Camiño Portugués ata Santiago de Compostela.

O alcalde, Alejandro Lorenzo, o director xeral de maiores e discapacidade da Xunta, Fernando González Abeijón, e o responsable de Special Olympics e Fademga Plena inclusión Galicia, deron a saída oficial a esta peregrinación no parque do Cristo.

Casarse no Porriño agora é gratis

Co respaldo do pleno, o Concello do Porriño vén de acordar a supresión da taxa pola prestación deste servizo estipulada na "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de matrimonio civil do Concello do Porriño". A mesma, en vigor dende o ano 2012, estipu-

labo unha taxa de 100 euros.

Segundo explicou o alcalde, Alejandro Lorenzo, "alixerar na medida do posible as cargas sobre a veciñanza", quen destacou que "no ano 2021 tramitáronse neste concello 17 expedientes de matrimonio civil, que supuxeron uns ingresos de 1.700 euros".



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURINHA

Salceda coloca 2 minipuntos limpos para residuos especiais

A concellería de Medio Ambiente, que dirixe Rubén González ven de instalar dous minipuntos limpos fixos en sendas rúas do casco urbán de Salceda. Estarán situados na rúa Pontevedra, á altura da Praza de Abastos e na Praza da Devesa.

Este tipo de minipuntos servirán para que a veciñanza poida depositar ata sete tipos diferentes de residuos especiais como cápsulas de café, pilas, bombillas, CD, DVD, cartuchos de impresora, RAEES e teléfonos móbiles. Estes dispositivos de recollida axudarán a realizar a correcta reciclaxe deste residuos



que son altamente contaminantes e que en moitos casos a cidadanía non podía reciclar de forma correcta.

Os contenedores de recollida indicarán de forma gráfica e sinxela en que lugar se teñen que depositar cada un dos residuos, aportando igualmente ás persoas que os utilizan, información de carácter medioambiental para dar a coñecer o seu proceso de reciclaxe.

Por outra banda, a súa parte frontal será utilizada pola Concellería de Comercio que dirixe a alcaldesa Verónica Tourón, como panel de información promocional sobre as actividades comerciais a realizar en Salceda, o que servirá para darlles unha maior cobertura ao sector comercial e hostaleiro.

Inaugurado o Mural da Igualdade

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, a alcaldesa de Salceda de Caselas, Verónica Tourón, e demais autoridades municipais e provinciais inauguraron este 28 de xuño o Mural da Igualdade realizado nunhas das rúas desta vila polas artistas pertencentes ao Dúo Amazonas.

O mural, realizado pola colombiana Lina Castellanos e a arxentina Natalia Andreoli, ámbalas dúas coñecidas como o Dúo Amazonas e residentes en Madrid, significa unha "homenaxe ás nosas colegas graffiteiras e muralistas", ao mesmo tempo que



reivindica "o empoderamento das mulleres e a súa labor na cultura

a través da Arte Mural", tal e como indicou Carmela Silva.

Movemento Salceda co Día Internacional do Orgullo LGBTQIA+



Os catro concelleiros de Movemento Salceda (MS) na Corporación Municipal, conformados por Loli Castiñeira, Alejandro González Canosa, Miguel González González e Lucía Pereira González, quixeron celebrar o Día do Orgullo LGBTQIA+ posando coa bandeira

multicolor despregada no Centro Cultural Castelao do centro da vila este 28 de xuño.

Así, os membros de MS quixeron amosar o seu apoio á liberdade e a diversidade sexual e de xénero, "sen atrancos nin barreiras de ningún tipo", tal e como expresaron nas súas redes sociais.

Contratación do proxecto de saneamento de San Antoiño



Representantes da Comunidade de Propietarios de San Antoiño xunto coa súa Administradora, reuníronse no Concello de Mos coa alcaldesa, Nidia Arévalo, e outros representantes municipais para informar aos Propietarios de San Antoiño de que se atopa moi avanzado o procedemento de contratación do proxecto da parte exterior do saneamento, que será adxudicado

en breve por parte de Augas de Galicia para que, posteriormente, o Consorcio de Augas do Louro poida contratar e acometer a obra.

Este proceso asúmeno conxuntamente entre Consorcio e propietarios, actuando a administración local mosense como mediadora, en aras de axudar a que a instalación da parte final da rede de saneamento en San Antoiño, se contrate e execute o antes posible.

Salceda dixitaliza as súas sendas

O Concello de Salceda, a través da Concellería de Turismo vén de dixitalizar as nosas sendas.

Mediante un código QR situado nos accesos das mesmas pódese obter acceso ao track da ruta, así

como aos recursos turísticos e medioambientais da zona. Está acción xunto con outras actividades de fomento do turismo foron realizadas gracias ó financiamento da Deputación de Pontevedra, a través do Plan Concellos



SALCEDA DE CASELAS



O Verán Cultural de Salceda volta á normalidade

A programación, que se estenderá dende o venres 1 ata o luns 18, con actividades para todos os públicos, xa sexan infantil ou adulto, así como para a nosa mocidade, supón o retorno de grandes citas, e da volta das asociacións á programación como no XXIX Festival de Bandas de Música en colaboración coa Banda Cultural de Salceda, no Vaia Cristo, coorganizado pola ACDE Treze Catorze ou na volta das actuacións dos grupos de Playbacks de Soutelo e de Parderrubias.

Voltan tamén as verbenas, que contarán con tres días nos que as protagonistas serán o Grupo América, a Orquestra Solara e o Combo Dominicano, que

porá o broche de ouro ás Festas do Cristo o luns 18 de xullo, sen esquecermos da actuación da artista galega SÉS, o día 17, sen dúbida o prato forte da programación, e pertencente ao programa Musigal da Deputación de Pontevedra.

Por outra banda o Concelleiro destacou os actos que serven para homenaxear a diferentes persoas e colectivos de Salceda, como o estourazo ou o Acto Cívico dos/das Salcedenses Distinguidos/as, que se celebran o sábado e domingo das Festas do Cristo, e que estarán precedidos polo tradicional desfile da Agrupación Gaitreira de Salceda polas rúas da Esfarrapada, a partir das 20.00 no sábado do Cristo.

PROGRAMACIÓN VERÁN CULTURAL 22 SALCEDA DE CASELAS

Venres 1

21.30 Festival Bandas Infantís e Xuvenís. CEP Altamira

Escola de Música de Barro.

Escola de Música de Xinzo.

Escola de Música de Salceda de Caselas.

Sábado 2

21.30 XXIX Festival de Bandas de Música de Salceda. CEP Altamira

Banda de Música de Salvaterra de Miño

Banda de M. de Alcalá de Guadaira (Sevilla)

Banda de M. Cultural de Salceda de Caselas

Martes 5

22.30 Cine na Rúa. Live is Life. Praza Concello

Mércores 6

20.30 Animar-T. De cando un paxariño me espertaba todas as mañás no confinamento. Praza do Concello.

Xoves 7

22.30 Concerto Banda Bacana. Praza Concello

Venres 8

22.30 Concerto Jinetes del Trópico. Praza do Concello

Sábado 9

16.00 Día da Infancia. Inchables de auga, Pista Americana, xogos... Parque da Gándara
XVIII Rallye Sur do Condado. Consultar programa.

Luns 11

22.30 Concerto Grupo Pedracarballa. Praza do Concello

Martes 12

22.30 Grupo de Baile do Centro Cultural do Borralliño, Soutelo. Parque Raíña Aragonta

Mércores 13

22.30 Grupo de Baile Xunco de Parderrubias. Praza do Concello

Xoves 14

22.30 Actuación do Grupo América.

Venres 15

22.46 VI Festival Vaia Cristo. (Coorganiza ACDE Treze Catorze). CS O Matadoiro

Donicelas

The Soul Jacket

Balkumbia

Dj Enxebre

FESTAS DO CRISTO DAS ANGURIAS

Sábado 16 de xullo

20.00 Desfile da Agrupación Gaitreira de Salceda polas rúas da Esfarrapada.

22.00 XIII Estourazo de inicio das Festas do Cristo dende o balcón da Casa da Cultura.

23.00 Verbena coa Orquestra Solara

Domingo 17 de Xullo

11.30 XI Acto Cívico Salcedenses Distinguidos/as

13.00 Misa solemne cantada polo Coro Polifónica de Entenza.

21.00 Concerto da Banda Cultural de Salceda.

23.00 Actuación de SES.

Luns 18 de xullo

22.30 Verbena con El Combo Dominicano.

OUTRAS ACTIVIDADES

I Torneo de Pádel Vila de Salceda.

Do 23 de xuño ao 15 de xullo na zona deportiva de Altamira

VI Torneo de Fútbol Sala Vila de Salceda

Do 11 ao 15 de xullo na zona deportiva de Altamira.

Concerto do Dúo Tugores. Auditorio Municipal Venres 22 de xullo

Bicimecánica
Toñi Porto

Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h

Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 16 24 65 - tponteareas@hotmail.com

GASOLEOS
TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

BAIXO MIÑO

Por Juan Louzán

Antonio Lomba, Alcalde de A Guarda

"A da Guarda é unha sociedade dinámica a todos os niveis, social, cultural, deportivo e por suposto económico como corresponde a unha histórica cabeceira de comarca"

P.- E base de futuro?.

R.- Se falamos de política, deixo unhas pinceladas do traballo que estamos facendo no concello da Guarda co impulso dun equipo de Goberno do que me sinto moi orgulloso pola súa valía e capacidade que da a estabilidade e tranquilidade que un concello necesita.

P.- Hay pesimismo de campaña?.

R.- Non estou de acordo coa expresión "A Guarda está paralizada". A da Guarda é unha sociedade dinámica a todos os niveis, social, cultural, deportivo e por suposto económico, como corresponde a unha histórica cabeceira de comarca

P.- Novos proxectos?.

R.- Neste momento estamos xestionando 1.359.954,46 € gracias ao plan concellos da Deputación de Pontevedra, entre outros

proxectos para: Urbanización da 1ª fase da rúa Coruña, apertura da rúa Baixo Muro-Ireira, creación do Camiño Escolar do colexio Sinde, iluminación ornamental dos edificios municipais da praza do reló, reforma estética interior da Praza de Abastos, rehabilitación dos patios do Vello Sinde, pavimentación de camiños no rural, etc.

P.- Traballos presentes?.

R.- Acabamos de empezar as obras e reforma e ampliación do Pavillón da Sangriña cun investimento de 1.870.667,53 €; tamén se está executando a 3ª fase da urbanización da rúa da Cal co empedrado do entorno da fonte; a humanización do entorno da Igrexa; a 3ª planta da Casa dos Alonsos (novo concello) e en breve empezará a humanización da rúa Manuel Rodríguez Sinde.

P.- Proxectos de nova execu-**ción?.**

R.- Fai uns días cumpría un compromiso recentemente adquirido e dálle a aprobación inicial ao "Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións A Sangriña" que permitirá, unha vez se aprobe definitivamente, ter terreos para dotacións deportivas, como por exemplo un novo pavillón.

Tamén levamos ao próximo pleno a aprobación inicial da Modificación Puntual número 7 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que permitirá cualificar como dotacional a "finca de Fínola". Unha vez aprobada esta modificación poderase facer na finca unha infraestrutura municipal, cousa que de momento non se pode. O noso proxecto é construír alí un auditorio, un aparcadoiro subterráneo e unir a alameda coa finca para ter unha gran zona de espallamento.

**P.- Novas de futuro?.**

R.- Estamos redactando ou acabando de entregarnos varios proxectos moi interesantes para A Guarda: Proxecto de mellora dos accesos e posta en valor do Castelo de Santa Cruz, actuación para a que xa contamos cunha subvención de 240.000 €; Proxecto de mellora da seguridade e accesibilidade no entorno do CEIP As Solanas; Proxecto de

Humanización da rúa Joaquín Alonso (Praza Nova); Proxecto da senda de unión entre A Guarda e o Rosal.

P - Contan con Fondos Europeos?.

R.- Para os fondos de recuperación Europeos Next Generation acabamos de presentar o proxecto de reforma e ampliación do Pavillón da Sangriña, para recuperar parte do investido polo concello.

Area Grande
restaurante · tapería · cafetería
986 61 30 91
Praia Area Grande · A Guarda

EL CAPITAN
— AREA GRANDE —
986 220 940 · Triunfo 5 · Vigo

Marouco de Palla
Tapería · Terraza · Bar
PLAYA DE FEDORENTO 628 23 66 87

Acabamos de presentar tamén o Plan de Turismo Sostible en Destino para A Guarda e estamos tramitando a presentación do proxecto de mellora enerxética e reforma da Piscina Municipal.

A través de Costas do Estado tamén estamos xestionando unha subvención para os fondos Next Generation para a rexeneración medioambiental do estacionamento da Armona.

P.- Obras de nova execución?.

R.- Este mesmo ano executaremos as obras para unha nova biblioteca na sala de exposicións do Centro Cultural cun orzamento de 85.641,35 € financiada con fondos propios.

Estamos traballando no plan REHABITA, un plan de rehabilitación de vivendas que ten como obxectivo a colaboración público privada para aproveitar as liñas subvencións que permitan modernizar o parque de vivendas da localidade, que dinamicen a oferta de alugueiro en beneficio dos propietarios e dos demandantes e que actúen como motor económico no sector da construción e rehabilitación de vivendas.

P.- Plans de enerxías renovables?.

R.- Estamos traballando no fomento do uso das enerxías renovables, tanto para o ámbito privado como municipal. O noso obxectivo é constituír comunidades enerxéticas ou instalacións de autoconsumo para ceder a enerxía sobrante a particulares e abaratar a factura da luz.

P.- Obradoiros aprobados?.

R.- Temos un obradoiro de emprego con un módulo de Axuda no Fogar e outro de Turismo que se atopan na actualidade

na fase de prácticas.

En relación ao edificio do obradoiro de emprego, cando remate a formación que se está a impartir, acometeremos unha reforma para instalar un ascensor e darlle accesibilidade e cambiaremos a carpintería para mellorar a eficiencia enerxética do edificio.

P - Novos Plans?

R.- Estamos actualizando o PACES (Plan de Acción Polo Clima e a Enerxía Sostibles). Toca facelo despois de dous anos da súa posta en marcha no 2020.

Estamos redactando o Plan de Implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Guarda.

Estamos en plena negociación do convenio colectivo e táboa salarial cos traballadores municipais e sindicatos.

P.- Acordos cos nosos veciños portugueses?.

R.- Levamos meses traballando na promoción do Camiño Portugués da Costa para que se produza a recuperación que estamos vendo, con centos de peregrinos cada día polas rúas a pesar de que Portos de Galicia deixou abandonado o peirao do ferri impedindo o funcionamento do barco. E tendo en conta que a propia Xunta apoia un itinerarios non oficiais co mesmo nome co noso.

Xunto coa cámara de Caminha e a Deputación de Pontevedra estamos facendo un estudo de mobilidade entre A Guarda e Caminha para determinar como pode ser a comunicación do futuro entre as dúas vilas.

P.- Medalla para As Redeiras Atalaia?.

R.- Estamos traballando xunto coas nosas atadeiras da Asociación de Redeiras do Baixo Miño Atalaia para propoñelas á candidatura da Medalla Emilia Pardo Bazán, pola súa labor en prol do recoñecemento dos dereitos ao seu sector e ás mulleres do mar en xeral.

P.- Banderas azuis para o Muíño e Aréa Grande?.

R.- Para este ano xa temos dúas bandeiras azuis para as praias do Muíño e da Area Grande, e un recoñecemento do sendeiro azul para a senda que une as dúas praias.

P.- A Guarda activa?.

R.- Ademais de todo o mencionado estamos organizando actividades turísticas, culturais, deportivas, medioambientais, concertos, festas, etc. Non hai máis que coller a axenda de actividades de calquera semana para comprobalo. Xa temos completa a programación de actividades para os meses de xullo e agosto. A Guarda non está paralizada porque a actividade de xestión política do equipo de goberno e dos traballadores municipais é intensa e sobre todo porque a actividade das persoas, asociacións, organizacións e clubs desta Vila é aínda máis intensa.

P.- A Guarda paralizada?.

R.- O que está paralizado na Guarda a pesar de que unha e outra vez berramos ben alto que temos os mesmos dereitos que o resto dos galegos, os doutras vilas e os das cidades. Son cousas como estas:

A Xunta ten paralizada a Autovía a Tui unha infraestrutura fundamental para o noso futuro.



A Xunta ten paralizado a reparación do peirao do ferri. Agora non podemos ter ferri

A Xunta non manda os médicos que necesitamos para o Centro de Saúde nin para Urgencias. Calquera día temos unha desgracia.

A Xunta ten paralizada a senda de circunvalación ao Monte Trega. Para cando pensan facela?

En resumo, A Guarda non está paralizada a pesar de que o PP e a Xunta de Galicia esforzanse por conseguilo. E mentras tanto o PP da Guarda, con Roberto Carrero a fronte, en vez de falar de cousas importantes, non fai nada.

GASTRO - TABERNA

Cocina Gallega

As Pedriñas Novas

Madrid - Ortega y Gasset, 66 Telf.: 914 014 445

Trato amable, menús sabrosos y precios-calidad-variedad normales

Lista

BAIXO MIÑO

Irmandamento entre A Guarda e Póvoa de Varzim

O Concello da Guarda iniciou en xuño os trámites para formalizar o Irmandamento entre as vilas mariñeiras da Guarda e de Póvoa de Varzim (Portugal) coa creación dunha Comisión integrada polo alcalde da Guarda, Antonio Lomba, un representante de cada un dos grupos municipais e o representante da asociación O Piueiro, Tomás Núñez González. O acto protocolario de irmandamento na cidade portuguesa celebrouse o día 29 de xuño, coincidindo coa festa de San Pedro patrono da Póvoa.

Con motivo desta celebración o voluntario Piueiro e a súa tripulación navegaron ata a Póvoa, coa idea de estreitar lazos coa



lanchar do alto "Fe em Deus" e a súa tripulación, participar no irmandamento e simbolizar a unión das comunidades pesqueiras tradicionais da Guarda e da Póvoa de Varzim. O alcalde guardés Antonio Lomba convidou aos

presentes no acto a participar, os días 23 e 24 de setembro, na Guarda nas celebracións das Festas de Santa Trega e no Pleno Extraordinario que terá lugar para ratificar en sesión plenaria este Irmandamento.

III edición de 'A Guarda Diversa'



As actividades de "A Guarda Diversa 2022" comezaron o 28 de xuño coa colocación da bandeira do colectivo colectivo LGTBIQ+. e coa publicación na web municipal e nas redes sociais do vídeo co Manifesto a cargo do Alcalde da Guarda, Antonio Lomba.

A parte central das actividades tiveron lugar o xoves día 30 na Praza do Reló coa Mesa Redonda "A nosa Memoria tamén é diversa", sobre a memoria das persoas Lesbianas, Gais, Bisexuais e Trans.

Ese día tamén tivo lugar na Praza do Reló o Espectáculo "Noite de Cabaret", a cargo da Compañía teatral "Marineta y sus maromas" de reivindicación do mundo travesti.

O venres día 1 de xullo, tivo lugar no Castelo de Santa Cruz un contacontos e un obradoiro titulado "Os Bolechas: Somos como as cores do Arco da Vella", a cargo da Asociación Nós mesmas e dedicada a público infantil de entre 3 e 8 anos.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com






LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

XXX “Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira” na Guarda

A Guarda celebrou do 1 ao 3 de xullo a trixésima edición da “Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira”, onde a gastronomía, a música en directo e as travesías a bordo dun barco tradicional como o “Piueiro” foron os principais atractivos.

Nos actos institucionais participaron o alcalde da Guarda, Antonio Lomba; a tenente de alcalde, Montserrat Magallanes; e o concelleiro de Festas e Turismo, Rafa Álvarez. Entre os espectáculos destacaron o Festival Mar de Blues no Monte Santa Tegra; o ‘jam session’ na Praza do Reló con intérpretes



da talla de Will Jacobs, Remi Bankyln, Julian Vaughn, Javier Vacas, Marcos Coll e Javier Turnes, entre outros instrumentistas.

O roteiro das cetarias e do Museo do Mar, os pasacalles a

cargo de grupos locais, o vermú mariñeiro, a feira de artesanía, o concerto de Erea Castro na Praza de San Benito e do grupo “A Boalleira” amenizou musicalmente a despedida entre o porto e a carpa.

Humanización da contorna da Igrexa na Guarda



O goberno municipal do socialista Antonio Lomba puxo en marcha o proxecto de humanización da contorna da Igrexa Parroquial de Santa María iniciado en 2020 coa finalidade de recuperar o espazo público e dar curso á protección e posta en valor do patrimonio guardés.

Así, revalorízase toda a con-

torna, incluído o atrio da Igrexa e un tramo do Camiño Portugués da Costa. Tamén queda sinalizado e protexido dos vehículos o petróglifo GA-36023015, que pasa a converterse nun novo punto de interese na zona. Con isto, o Concello sae ao paso das críticas realizadas pola agrupación local do BNG sobre a execución destas obras.

A Guarda presenta a súa Axenda de Verán

O Concello da Guarda ven de presentar a Axenda de Verán 2022, unha programación de actividades extensa, para todos os gustos e para todas as idades.

A programación de actividades arrancou a finais de xuño con A Guarda Diversa, A Guarda Mar de Blues e a XXX edición da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira. Seguiu a comezos de xullo na Praza do Reló acolle a proxección de cinema “El Principito”. Unha das citas musicais máis importantes do verán tivo lugar o 9 de xullo na explanada



do Porto da Guarda, co concerto de Herdeiros da Crus celebrando o seu 30 aniversario.

A Axenda de Verán continúa nos meses de xullo, agosto e

setembro, destacando as Festas do Monte, as Visitas Guiadas ao Monte de Santa Trega e a programación de actividades infantís de “Miúdo Verán”.

A veciñanza tomiñesa participará nas políticas ambientais

O Concello de Tomiño habilitou un espazo de participación veciñal, neste caso para seguir a evolución do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES) a fin de que a veciñanza tomiñesa colabore ca política medioambiental do Concello.

O PACES, financiado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e cofinanciado polo Fondo

Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), foi elaborado polo Concello de Tomiño no ano 2020, como medida para cumprir os obxectivos do Pacto das Alcaldías. Este último trátase da maior iniciativa urbana a nivel mundial en materia de clima e enerxía, agrupando a miles de autoridades locais e rexionais comprometidas a reducir cando menos nun 40% as emisións de CO2 de aquí a 2030.

**forjados
hinos. duran s.l.**

www.forjadosduran.com



REQUEIXO E MEL



Sociedade Cooperativa Agraria Condado Paradanta
Caiña, As Neves 986 64 86 25

BAIXO MIÑO

Humanización da Avenida de Portugal en Tui

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, informou que a humanización da Avenida de Portugal en Tui “suporá un investimento superior aos 600 mil euros”, considerando a mesma como unha iniciativa prioritaria “para Tui, Galicia e España” debido a que transita como porta de entrada do Camiño Portugués de Santiago.

A obra executarase no último trimestre de 2022 ou comezos de 2023 nun tramo de 400 metros dende a intersección entre a N-551 e a N-550 no cruce do Parador Nacional de Turismo, e a vella



Ponte Internacional. O Boletín Oficial do Estado publicou o anuncio de licitación da Dirección Xeral de Carreteras de “Adecuación y mejora de seguridad vial. Carretera N-551 P.K. 1+400 a 1+850. Término municipal de Tui”. As empresas interesadas teñen até ás 19 h do 20 de xullo para presentar as súas ofertas.

O Cárcere Vello de Tui será centro de acollida

O Consello da Xunta aprobou autorizou a sinatura do acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Tui para a posta á disposición dos terreos e execución da rehabilitación do cárcere vello no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.

Tras esta aprobación comezará o trámite de elaboración do proxecto e a execución do mesmo que suporá un investimento de 484.000 euros.



Esta actuación contempla a transformación do cárcere vello, que data de 1584, en centro de interpretación e acollida de visitantes e peregrinos pero tamén terá outros usos complementarios relacionados coa dinamización do conxunto histórico de Tui.

As piscinas serán renovadas ao remate do verán

O Concello de Tui, dentro do programa de rehabilitación e mellora da totalidade dos equipamentos públicos, vai acometer ao remate da temporada estival obras de reforma e acondicionamento nas piscinas municipais. O orzamento previsto ascende a 306.238,95 € financiados con cargo ao Plan Concellos da Deputación.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, explica que as piscinas



municipais “dende que se crearon non tiveron practicamente ningunha obra de mellora nin de acondicionamento”. Coa actuación proxectada reformarase esta instalación “para gañar en accesibilidade e que teña un entorno máis harmonioso”.

Tui na Asemblea xeral da Red de Juderías de España



O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro González, asistiu o pasado venres, 24 de xuño, á 60ª Asemblea da Red de Juderías de España - Caminos de Sefarad que tivo lugar en Lucena, onde se abordaron os proxectos presentes e os retos futuros desta entidade.

Nesta Asemblea Xeral fíxose un repaso ao estado de execución do orzamento anual, ás actividades que se levaron a cabo até a data e aos proxectos que se abordarán no segundo semestre de 2022, entre os que destaca a celebración da Xornada Europea da Cultura

Xudía a primeira fin de semana de setembro. Igualmente, durante a Asemblea abordouse o regulamento, opcións e cidades candidatas a unha posible ampliación da Rede de Xudarías de España en 2023.

A Rede de Juderías de España - Caminos de Sefarad está constituída por 21 municipios de España, entre os que se atopa Tui, que posúen un rico patrimonio arquitectónico, artístico, ambiental e cultural nos seus conxuntos medievais que é herdanza das comunidades xudías que o habitaron.

II Festival da Cultural Tradicional e Folk en Tui



A praza de San Fernando e o Paseo da Corredoira foron os escenarios do II Festival da Cultural Tradicional e Folk celebrado os días 8, 9 e 10 de xullo organizado pola Asociación Cultural San Telmo. Este evento abre a programación cultural do verán en Tui.

Na presentación do festival participaron Enrique Cabaleiro, alcalde de Tui, de Sonsoles Vicente, concelleira de Cultura, Ismael Diz, concelleiro de Medio

Ambiente, Conchi Sales e a Ana Mª Pereira Sousa da Asociación Cultural San Telmo, Marcos Campos e Alba Faro do grupo Arxe e Xabier Díaz.

O festival comezou coa actuación do grupo Arxe e continuou co VII Certame de Gaita e Tamboril, Xabier Díaz e Adufeiras presentando o seu traballo “As catedrais silenciadas”, e unha demostración de liño a cargo das integrantes da asociación “A In-sua” de Vilalba.

Xosé Antón Araúxo Rodríguez | Impulsor da iniciativa Bosque da Lingua en Gondomar

"O Bosque da Lingua xurdiu ante a miña preocupación pola situación do galego"

Co apoio da Comunidade de Montes da parroquia de Couso, o Bosque da Lingua pretende ofrecer un espazo para a preservación da lingua galega e do medio ambiente a través de actividades didácticas.

Cando se orixina a iniciativa do Bosque das Linguas?

A iniciativa xurdiu o 17 de maio do ano 2021, particularmente ante a miña preocupación pola situación do galego. Nese sentido, dende a Comunidade de Montes

par este Bosque dentro da parroquia de Couso?

Son 3 hectareas máis outra que ocupa o Bosque das Memorias, que está a carón del.

Que iniciativas e actividades están previstas?

Utilizaranse para proxectos didácticos relacionados coa lingua e o medio ambiente. Contaría tamén cun espazo adicado a parque infantil, outro espazo (a maior parte) adicado a poemarios, onde os nosos mozos accederían ao texto completo dun poema mediante un código QR. Outro espazo xa ten construído un pequeno anfiteatro aproveitando unha vella canteira, no cal pretendemos facer actividades teatrais, musicais, contacontos, etc.

Como avanza o proceso de doazóns?

Levamos recadados 7.710 euros dos 21.650 que inicialmente costaba o proxecto. Hoxe coa suba de materiais será maior, incluso fixemos algunha mellora dende o orzamento inicial, polo que seguramente andaremos preto dos 30.000 euros.



Estado actual das obras.

pensamos qué podíamos facer pola lingua e ocurriusenos impulsar esta iniciativa na Chan da Mamonda, que é unha parte do noso monte que temos conveniado co grupo de custodia do territorio "Verdeval". É unha zona que se está a recuperar xa que era un vertedoiro que o Concello de Gondomar estivo utilizando sen ningún tipo de autorización.

Que espazo territorial vai ocu-

lamos completando o proxectos según recademos.

Existe algún tipo de apoio institucional por parte do Concello de Gondomar e da Consellería de Medio Rural?

Non temos apoio institucional



Xosé Antón Araúxo Rodríguez, impulsor da iniciativa.

ningún. Escribímolles a todos os partidos políticos, sindicatos, universidades grupos ecoloxistas, A Mesa pola Normalización Lingüística, a AELG, a RAG..., só nos

constestaron a FPG, A Mesa e Manifesto Miñor dicíndonos que daría difusión entre os seus achegados. Do resto das organizacións non sabemos nada.

Oia coa igualdade

A arredor dunha quincena de veciñas e veciños participaron no obradoiro de teatro veciñal que este ano se desenvolveu baixo o fío condutor "Oia, entre o monte e o mar, ten nome de muller", cun enfoque desde a perspectiva de xénero para salientar o papel da muller no rural.

A actividade abordou diversas artes performativas (teatro, música, danza, etc.) nas que participaron mulleres de distintas idades, desde adolescentes ata 65 anos.

Por outra banda, o CEIP Mestre Manuel García participou na actividade "Circo en igualdade", organizada polo Concello de Oia e desenvolvida por "La Fiesta Escénica" coa que se pretende achegar o mundo do circo á escola cunha perspectiva de igualdade e prevención da violencia de xénero.

A actividade tivo un custo total de 1.880 euros+IVE (total 2.274,80 euros), financiados con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdad, Secretaría de Estado de Igualdad y contra la Violencia de Género.

XEIRAS DO IEM 2022				
	Data	Hora	Xeira	Punto de encontro / Guías
X U L O	Xoves 14	10:00 h	Paisaxe e xeoloxía de Monteferro	Hostal Monteferro Juan Hermida L. X. Ramón G.
	Xoves 21	18:30 h	O Castelo de Monte Boi. As orixes de Baiona	Entrada do Parador Baiona Anxo Riguez Lemos
	Mércores 27	18:30 h	Os petróglifos do Monte Telón	Pavillón Sta. M.ª de Tebra Xosé Lois Vilar
	Xoves 28	18:30 h	A Groba, paisaxe e historia natural	Chan da Lagoa Xilberto Manso L. X. Ramón G.
A G O S T O	Mércores 03	20:30 h	Noite de Estrelas na Groba	Chan da Lagoa Bruno Centelles L. Gustavo Sanromán
	Mércores 10	21:30 h	Historias do Mar de Panxón	Porto de Panxón Xosé Lois Vilar
	Xoves 18	21:30 h	Do mar ó monte. A paisaxe nomeada Baiona	Entrada do Parador Baiona Xosé Lois Vilar
	Mércores 24	18:30 h	Bar Boo en Gondomar. Un centenário	Local do IEM Gondomar Antonio Soliño Troncoso
	Mércores 31	18:30 h	Os castelos de Golán. Arquitectura militar do XVII	Capela San Roque e San Mauro de Golán Antonio Soliño Troncoso

PONTEVEDRA

Zona Franca celebra en xullo o seu 75º aniversario

O Delegado do Estado da Zona Franca de Vigo, David Regades, fixo balance da xestión da Zona Franca nos últimos meses, toda vez anunciou as actividades de celebración do 75º aniversario desta institución, que se levará a partir do vindeiro mes de xullo ata o 2023, destacando a realización dun "gran Congreso Económico" así como de actividades lúdicas e espectáculos cun gran artista internacional.

Regades amosou o seu optimismo pola xestión da Zona Franca, informando que emprega actualmente a 20.000 persoas, logrando atraer nos últimos catro anos a 45 empresas, con 519 millóns de euros en activos, creando 1.100 novos postos de traballo.

Tamén repasou os proxectos



principais como a ampliación de chan industrial de cara a Balaídos e outros polígonos en Tui, Gondomar, A Cañiza e Cuntis; o índice ARDÁN como referente empresarial; a PLISAN; as licitacións dos centros tecnolóxicos de Redondela e Vigo; o proxecto Hidrogenera en Bouzas de utilización de enerxía limpa; a ampliación para 2023 de 30 naves no Porto do Molle (Nigrán); o Centro de Transportes

do Porriño; o novo formato de ocio para as familias no Centro Comercial A Laxe; unha aceleradora de Moda co apoio do deseñador ourensá Roberto Verino; os Parques Tecnolóxicos en Valladares e Nigrán; o laboratorio Fotónico coa Universidade de Vigo; o World Car Center e a fábrica de semicondutores de microchips, que está avanzando para atraer a "relevantes actores públicos e privados" tanto nacionais como internacionais.

Explicou tamén da activación antes de agosto do Plan da Empresa 2022-2025 que implique a captación de talento e, para finais de ano, dunha Xornada de Reflexión sobre procedementos administrativos en España, que defina unha maior axilización e flexibilización dos mesmos.

Homenaxe polo 150 aniversario do pasamento de Juana de Vega



A música de violín que tanto apreciara como mecenas que foi de Pablo Sarasate estivo presente na homenaxe promovida pola Deputación de Pontevedra a Juana de Vega (1805-1872), no día en que se cumpre o 150 aniversario do seu falecemento.

O evento reuniu nos Xardíns do Castelo de Soutomaior e ante a camelia que leva o seu nome á presidenta Carmela Silva, xunto á arquitecta e representante da Fundación Juana de Vega, Teresa Táboas, o alcalde Agustín Reguera e a xefa de Servizo de Areeiro, Carmen Salinero.

Formación dixital para as mulleres do mar

Axudar ás mulleres do mar a acadar competencias dixitais é o obxectivo das accións formativas que vai desenvolver este verán a Asociación Mulleres Salgadas da man da Deputación de Pontevedra.

O proxecto beneficiará a 1.600 mulleres galegas que forman parte desta asociación. A presidenta de Mulleres Salgadas, Dolores Gómez explicou que serán dous os cursos que se celebrarán entre xuño e agosto. Un deles leva por título Alfabetización dixital +55. O segundo curso é Participación cidadá a través de tecnoloxías dixitais. Serán un total de dez sesións,



cinco de cada un dos cursos, que se celebrarán nos concellos de Vilanova, Cambados, A Illa de Arousa, O Grove e Vilagarcía.

Xuntanza da FEMP en Palma de Mallorca

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva participou na illa da Palma de Mallorca na Comisión de Gobernos provinciais da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) destacando o avance da provincia en políticas sociais e na redución da "brecha dixital" a través do programa SmartPeme, especialmente no rural.

Silva puxo en valor o impulso da Deputación para axudar aos concellos pontevedreses a aproveitar a oportunidade histórica que supón a chegada a España dos fondos europeos. Destacou que Galicia é unha das comunidades autónomas que máis transferencias de fondos europeos está a recibir a nivel estatal, con 1.316 millóns de euros sumando



o Plan de Recuperación e o React-EU ata o pasado mes de xuño. Toda vez, Silva advertiu do freo que supón a falta de cogobernanza entre a Xunta e os concellos galegos.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

Santa Marta de Ribarteme resurxe con espírito tras a pandemia

Por Juan Louzán.

Ves, sentes, desfrutas, despois de séculos de existencia, e do período da Covid-19, a Romaría de Santa Marta de Ribarteme. Será, como é habitual, os días 29 e 30 de

xullo. O Santuario, situado en San Xosé de Ribarteme, nas Neves, Pontevedra, é un lugar de gran beleza.

Durante moito tempo o tradicional programa de festas enfrontou a fregueses e párroco sobre a inclusión pagá de cadaleitos con persoas vivas na procesión tras a misa solemne.

Foi en 2015 cando a Comisión de Festas declarou que "os cadaleitos que temos son os que nos doaron, e outros que foron substituídos". A partir de aquí creouse un mundo convulso sobre o carácter antirreligioso da súa participación.

Pero a longa historia da Romaría de Santa Marta, con séculos de proxección e traxectoria, sufriu cambios apreciables, certa rebeldía de determinados sectores e a contundente coherencia do párroco don Javier de Ramiro. Eliminada a presenza de cadaleitos,

o sentido común domina a intolerancia. Porén, os organizadores desgustados, están dispostos a falar co bispo e dicirlle que a tradición de levar cadaleitos na procesión é un acto de fe e amor aos enfermos que se curaron milagrosamente.

A Romaría é ante todo unha festa relixiosa e cristiá. A procesión é unha homenaxe a Santa Marta, á que se reza, canta e piden múltiples desexos de protección, saúde e necesidades diversas. É un Festival internacional pola súa cobertura mediática e orixinalidade. Os cambios nel fano máis atractivo. Sen actos pagáns. Devoción e respecto a Santa e a todos os que participan na festa cristiá.

O perfil desta Romaría abre fiestras a todo o mundo, invitando a todo o mundo a visitar e participar nestas festas seculares. Santa Marta de Ribarteme é actualmente coñecida no mundo grazas aos medios de comunicación. A Xunta de Galicia no seu Consello celebrado o 27 de febreiro de 2020 declarou esta Romaría de interese turístico. Novenas, misas, bailes e outras

Santa Marta de Ribarteme

Festa declarada de interese turístico de Galicia

Do 20 ao 28 de X
*Misa e Novena ás 12

Venres 29 de X
*Misas cada hora dende as 7
*s 12 Solemne con Pr
acompañada da Banda Popular de
quen de seguido ofrecerá un
*Pola tarde Misa ás 12

Sábado d a
*Misa ás 12

Domingo d a
*Misa ás 12

Día 29 Música e baile tradicional da A.C. PONTENOVA
Verbena con GRAN PARADA e Trío AZAR

Día 30 Verbena con COSTA BLANCA e Trío ALBA



atraccións anúncianse en carteis coloridos e explicativos. As fermosas tallas e imaxes doadas por fieis adictos a Santa Marta, estarán adornadas con flores e amor. Desta Romaría destaca sobre todo o fervor que os fregueses lle profesan a Santa Marta durante a espectacular procesión, despois da misa solemne. Acompañan á Santa anfitriona, Santa Ana e San Benito.

Restaurante O'caldino

Cocina tradicional gallega: carnes, pescados y mariscos de Galicia.

"Vive un momento único en el que cada bocado te transportará a Galicia"

Cocina abierta permanentemente. www.ocaldino.com

Ubicación
O'caldino
C/ Lasca, 74
28001 - Madrid -España

Contacto
(+34) 91 575 70 14
(+34) 91 575 14 48
contacto@ocaldino.com

"E-Bike Rio Minho" nas Eurocidades

O AECT Rio Minho estreou este 6 de xullo o servizo de préstamo de bicicletas eléctricas transfronteirizas 'E-bike Rio Minho' que funcionará nas euro-cidades de Salvaterra-Monçao, Tomiño-Cerveira e Tui-Valença para fomentar a mobilidade suave e o turismo na 'raia'.

O 'bike-sharing' é unha iniciativa que pretende ser un servizo conxunto transfronteirizo. O acto de estrea contou coa participación da presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, o deputado de Cooperación Transfronteiriza e vicedirector do AECT Uxío Benítez, o presidente da CIM Alto Minho, un representante da CCDRN, o director do AECT Rui



Teixeira e as demais alcaidesas e alcaides das eurocidades.

O proxecto 'E-bike Rio Minho' é unha iniciativa piloto pioneira na fronteira ibérica para potenciar a mobilidade suave, é dicir, o uso alternativo aos vehículos a motor, e enmárcase dentro do

Plan de Mobilidade Sustentable Transfronteiriza (PMST) promovido pola Deputación de Pontevedra no ámbito do proxecto ‘Estratexia de cooperación intelixente do río transfronteirizo do Miño’ Smart_Miño_ cofinanciado polo Programa Interreg VA.

0 Rosal dille fóra aos plásticos

O salón de exposicións do Concello do Rosal acolleu entre o 21 e 28 de xuño a exposición 'Fóra plásticos!', unha mostra creada por San Xerome Emiliani coa colaboración doutros nove centros educativos da comarca e do Concello do Rosal, así como do Concello da Guarda e de ANA-BAM co obxectivo de concienciar á sociedade sobre o uso desmesurado dos plásticos.

Na mostra participan ademais de San Xerome Emiliani, A Galiña Azul, O Rosal, o CRA María Zam-



brano, o CPI Manuel Suárez Marquieir, o CEIP A Sangriña, Padres Somascos – Fundación Educere, o CEIP Plurilingüe As Solanas, o CEIP Manuel Rodríguez Sinde, a Fundación Vedruna Educación e o CEIP Pintor Antonio Fernández.

Concello de Ribadumia aclara sobre os impagos nos recibos da auga

O Concello de Ribadumia coñeceu a polémica que xira arredor das facturas do canon de auga en Ribadumia na que varios veciños recibían cartas da Xunta de Galicia reclamando a falta de pagamento do recibo do canon do servizo de subministro de auga. Indicouse que, en varios casos, os recibos superaban os 600 euros.

Aseguran que dende o principio houbo comunicación directa con Augas de Galicia para coñecer a fondo esta situación. Augas de Galicia traslada que a cantidade de recibos pendentes de pago é de 3.830. Estase a falar de recibos, non de usuarios. Deste total, 1.623 son de menos

de dez euros; 3.600, son inferiores aos 100 euros e hai 230 recibos con débedas de máis de 100 euros. Deses 230, hai 20 recibos con cantidades superiores aos 600 euros, o que supoñen un 0,52% do total. Algúns dos veciños de Ribadumia xa presentaron recursos destes recibos de maior cantidade no Concello no seu momento e lles foron denegados, e aínda a día de hoxe seque sen ser pagados.

Pola contra, o Concello traslada que o número real de recibos con falta de pagamento é menor que o que envía Augas de Galicia, e estima un total de 1.800 recibos, polo tanto é bastante probable a existencia dun erro por parte de Augas.

Intensa axenda cultural este verán no Rosal

O verão chega ao Rosal com uma moreia de actividades de alta qualidade e moi diversas para achegar a cultura, a música e o lecer a todos os públicos e todo o municipio.

O Concello conta para os meses de xullo e agosto cunha intensa programación cultural na que haberá cabida para concertos, festivais, cine, monicreques, deporte e moito máis, destacando o concerto de Roberto Caco; a presentación dunha nova edición do proxecto Memoria Viva; o V Torneo de Fútbol 7 O Rosal; a Festa do verán do Pilar; as Xornadas de Cine nas Eiras organi-



zadas pola Asociación Ghorghalado en colaboración co Concello do Rosal; os concertos de Man de Santo e Ska Soul; de Simant Dúo; de Klason ao abeiro do Amdor Cámara Fest e Brais das

Hortas, Zona en Obras e a banda da Escola da Agrupación Musical do Rosal; o Festival de Músicos Xoves Amdor Cámara Fest e as visitas guiadas aos muíños do Folón e do Picón.

FUCO PRADO